



RESOLUCIÓN do 9 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira para o ano 2021.

Antecedentes

O día 30/09/2020 ten entrada no rexistro electrónico xeral da Xunta de Galicia a solicitude, con rexistro de entrada 2020/1881512 para a Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, en formato telemático, o plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” para o ano 2021.

O día 04/11/2020 reuniuse, en sesión ordinaria, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña coa orde do día de informar o plan de xestión.

O día 4/12/2020, o órgano de xestión, seguimento e control emite informe favorable ao documento resultante como plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” para o ano 2021 tralas deliberacións e consideracións feitas na reunión do órgano do día 04/11/2020.

Consideracións legais e técnicas

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, establece no seu artigo 4 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a)); a recollida de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do plan de xestión integral (letra b)); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)).

Asemade, o artigo 6 define as actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría, entre elas: a pesca con artes de enmalle dentro da ZEP-I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas (letra a)) e a extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría (letra b)).

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun plan de xestión integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No seu apartados 2 establece que o plan de xestión integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo do informe do Oxesco.

O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.





De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Aprobar o plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2021.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Mercedes Rodríguez Moreda

